

Le o texto e resolve as actividades que se propoñen sobre el:

Fora despois de xantar, a iso das catro, cando Laura decidira saír da súa casa, alonxarse dos libros e dos traballos, e baixar ata o parque. E alí estaba agora, cos ollos entrecerrados, sen pensar en nada, sentindo na cara o aire fresco e o sol morno, que era coma un aloumiño no corpo. Así, quieta, no parque case solitario, sentía que todo volvía a estar ben. Da súa cabeza desaparecían os exames, e os libros, e as notas; e a discusión coa súa nai; e os problemas con Milena; e a obsesión por Miguel. Todo estaba mellor que pola noite, cando se apagaba a luz e parecía que de repente se acumulaban as pantasma, as preocupacións, os problemas...

Agustín Fernández Paz: Rapazas, Edicións Xerais.

1 a) Onde ten lugar esta historia? En que momento do día?

Nun parque, pola tarde a iso das catro.

b) Como se sentía a nena nese lugar?

Estaba a gusto, «sentía que todo volvía a estar ben».

c) Había moita xente?

Todo o contrario, pouco. O parque estaba «case solitaria».

d) Que datos coñecemos sobre o tempo que ía?

Parecía un día agradable porque o aire era fresco e o sol morno.

2 Escribe a familia léxica da palabra subliñada no texto.

PRIMITIVA :

ollo

DERIVADAS :

ollada, ollal, ollar,  
ollomol, anteollos, olleiras.



3 Pon unha A (voz activa) ou unha P (voz pasiva) ao lado de cada oración:

- Laura olvidou as súas preocupacións. .... **A** .....
- O libro *Rapazas* foi escrito por Agustín Fernández Paz. .... **P** .....
- Laura fixo esa mañá o exame de Inglés. .... **A** .....
- Os problemas foron resoltos por Laura. .... **P** .....
- Ela leu un libro. .... **A** .....

• Agora, transforma aquelas que estaban en voz activa a voz pasiva.

*As (súas) preocupacións foron olvidadas por Laura.*  
*O exame de inglés foi feito esa mañá por Laura.*  
*Un libro foi lido por ela.*

4 Completa as seguintes palabras con b ou con v:

... <b>b</b> urla	... <b>v</b> arrer	camiña... <b>b</b> a	a... <b>v</b> ó
mó... <b>b</b> il	... <b>b</b> urro	conser... <b>v</b> ar	... <b>b</b> aleiro
ser... <b>v</b> ir	mara... <b>b</b> illa	su... <b>b</b> director	... <b>b</b> isneto
gra... <b>v</b> ata	gara... <b>v</b> anzo	... <b>b</b> eira	... <b>v</b> ermello

5 Pasa estes textos a estilo indirecto:

Tania preguntou: «Onde está a miña mochila?».

*Tania preguntou onde estaba a súa mochila.*

O pai díxolle: «Ten coidado».

*O pai díxolle que tivese coidado.*